



Voltamos e modernizámonos!

CONCURSO DE CREACIÓN DO LOGO DO CLUB DE CIENCIA

Con motivo da volta do Club de Ciencia do Aguiar, celebrarase un **concurso de debuxo** para a creación do noso **logo**.

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Pode participar o alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO.
2. Os debuxos participantes no concurso terán que incluír o logo do IES.
3. Os debuxos deben ser de autoría propia. O alumnado participante responsabilizarase de que sexan obras orixinais.
4. O IES Francisco Aguiar resérvase o dereito de publicar e difundir os traballos presentados por calquera dos participantes.
5. O logo gañador pasará a ser a nova imaxe do Club de Ciencia e, entre outros, será a imaxe de perfil do novo instagram do noso Club.
6. A presentación de debuxos poderá realizarse dende o día publicación das bases, sendo a data límite o **29 de setembro ás 14:15h**.
7. Os debuxos entregaranse a Elena Pernas, coordinadora do Club, ou aos respectivos titores.
8. O xurado estará conformado por 3 docentes de entre os colaboradores do Club no curso previo. Ditos profesores descoñecerán a autoría dos mesmos.
9. Os criterios de valoración serán: que inclúa o logo do centro, a orixinalidade e a adecuación ao Club do que será imaxe.
10. O xurado emitirá o fallo o día 5 de outubro, que se fará público na páxina web e nas redes sociais do IES Francisco Aguiar, e nese momento tamén aparecerá como imaxe de perfil do novo instagram do Club.
11. A presentación dun debuxo nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases.